



CONCELLO
DE
VALDOVIÑO



DON FRANCISCO JAVIER OUBIÑA LODEIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DE VALDOVIÑO (A CORUÑA), CERTIFICA: Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Valdoviño, en sesión extraordinaria e urxente que celebrou o vinte e nove de xuño de dous mil doce, adoptou entre outros o seguinte acordo:

"3º.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO DE SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO EN DETERMINADOS AREAIS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO ANO 2012.

Expediente: CT 2012/02


A mesa de contratación en sesión celebrada o 20 de xuño de 2012, procedeu á cualificación da documentación administrativa, resultando non admitir á empresa "MOVE SERVICOS DE OCIO Y DEPORTE S.L." pola falla de capacidade de obrar ao non figurar o obxecto do contrato no artigo 2º dos seus estatutos sociais, e requirirlle verbalmente ás seguintes empresas para que presentaran a documentación seguinte:

EMPRESA	OMISIÓN OU SUBSANACIÓN
SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA S.L.	- Falla de acreditación da solvencia técnica ou profesional.
XEMADE SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	- Ausencia de poder debidamente bastanteado - Certificado sobor dos traballos realizados para a acreditación da solvencia técnica ou profesional
CRUZ ROJA ESPAÑOLA	- Ausencia de pode.
VIRAXES S.L.	- Ausencia de poder debidamente bastanteado.

Con data de 22 de xuño a Mesa de Contratación vista a documentación presentada acorda por unanimidade admitir ás seguintes empresas ao subsanar os defectos detectados:


- SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA S.L.
- XEMADE SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA
- VIRAXES S.L.

Asimesmo acorda excluir a CRUZ ROJA ESPAÑOLA por non acreditar a representación no derradeiro día concedido para a presentación de proposición (o poder é de 18 de xuño, cando o prazo remataba o 16 de xuño), en base ao informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa polo seu informe de 27/2004 que establece que a falla de poder no intre de presentar a documentación é defecto insubsanable, mentras que





CONCELLO
DE
VALDOVIÑO



polo contrario, a falla de acreditación dun poder existente é un defecto que pode ser subsanable.

Abríndose por parte da mesa a oferta económica das empresas admitidas, preséntanse as seguintes, resultando a seguinte puntuación:

Empresa	Oferta económica e puntuación		Incremento do número de socorrista e puntuación		Incremento de horario en minutos e puntuación		Total puntuación
SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA S.L.	98.500,00 €	28,69	26	30,00	60	20,00	78,69
XEMADE SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	93.900,00 €	70,00	11	12,69	30	10,00	92,69
VIRAXES S.L.	95.317,17 €	57,26	8	9,23	30	10,00	76,49

En vista do resultado a Mesa de contratación acordou por unanimidade propoñer á Xunta de Goberno Local para que lle requirise á empresa XEMADE SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA para que no prazo de 5 días hábiles presentase a documentación establecida na cláusula 9 do Prego de cláusulas administrativas ao ser a oferta económica máis vantaxosa.

Con data de 25 de xuño de 2012 a Xunta de Goberno Local acordou requirirle á empresa XEMADE SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA para que no prazo de 5 días hábiles presentase a documentación establecida na cláusula 9 do Prego de cláusulas administrativas ao ser a oferta económica máis vantaxosa.

Con data de 29 de xuño a empresa XEMADE SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, presenta a documentación requirida.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA:

Primeiro.- ADXUDICAR o contrato administrativo de servizo de salvamento e socorrismo en determinados areas do concello de Valdoviño ano 2012 á empresa XEMADE SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA ao presentar a oferta economicamente máis vantaxosa dacordo coa clasificación que por orde decrecente fixo a Mesa de Contratación e que é a seguinte:

Empresa	Oferta económica e puntuación		Incremento do número de socorrista e puntuación		Incremento de horario en minutos e puntuación		Total puntuación
XEMADE	93.900,00 €	70,00	11	12,69	30	10,00	92,69



CONCELLO
DE
VALDOVIÑO

SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA							
SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA S.L.	98.500,00 €	28,69	26	30,00	60	20,00	78,69
VIRAXES S.L.	95.317,17 €	57,26	8	9,23	30	10,00	76,49

Segundo.- O contrato adxudícase por un importe de 93.900,00 €, debendo engadirse ao mesmo o 18% en concepto do imposto sobre o valor engadido que é de 16.902,00 €, totalizando o contrato co ive 110.802 Euros.

Terceiro.- Requerille ao adxudicatario, para que no prazo de quince días hábiles contados a partires do día seguinte ao da notificación do presente acordo proceda a formalizar o contrato.

Cuarto.- Notificar o presente acordo a todas as empresas participantes e dar publicidade do mesmo no perfil do contratante do Concello de Valdoviño.

Quinto.- Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse de conformidade co disposto no Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Contratos do Sector Público o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante o Pleno no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos."

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido a presente Certificación co Visto e Prace do Sr. Alcalde, don José Antonio Vigo Lago, en Valdoviño, a dous de xullo de dous mil doce, coa reserva do artigo 206 do ROFRXEL.

Vº e Pr.
O alcalde,

O Secretario,